




Servizo
Municipal de
Educación



Relación de visitas

CORUÑA DE AVENTURA 2026-27

Información de contacto

Tel. 981 184 200

Ext. 10179

educacion@coruna.gal



Concello da Coruña

ÍNDICE

1. Alimentos, visita o teu Gadis
2. Aluman: Fachadas e proxectos contract. Talleres de carpintería metálica e madeira
3. Arquivo do Reino de Galicia
4. Biblioteca pública Miguel González Garcés
5. Bombeiros
6. Castro de Elviña: percorrendo o Castro
7. Cidade Vella
8. Coca-Cola
9. Coñece o bus urbano da túa cidade
10. Cruz Vermella xuventude
11. Fabricación de eléctrodos de grafito: Resonac
12. Fundación Luís Seoane
13. Instalacións de “La Voz de Galicia”
14. Museo Arqueolóxico e Histórico Castelo de San Antón
15. Museo de Arte Sacra
16. Museo de Belas Artes
17. Torre de Hércules
18. Museo das Telecomunicacións
19. Museo Histórico e Militar da Coruña
20. Policía Nacional. Corpo Nacional de Policía e Museo
21. Porto da Coruña
22. Un día en Capitanía

1. ALIMENTES, VISITA O TEU GADIS

Descrición curta	Dar a coñecer un supermercado
Descrición longa	A visita propón un achegamento do alumnado ao funcionamento dun supermercado Gadis, facendo fincapé na variedade de produto fresco. Ademais, se lles inculcarán hábitos de consumo responsable e de alimentación saudable, con material didáctico da plataforma educativa Alimentos Dixital para os docentes e o alumnado • Recetas y consejos para una vida saludable Gadis Saludable • https://www.gadis.es/saludable/alimentos-digital/ Farase a visita para que sexa unha experiencia participativa e curta (uns 30 minutos para 3º e 4º de EI)
Destinatarios	3º EI da REIM 2º ciclo de EI
Data de inicio	12 de xaneiro
Data de fin	18 de xuño
Duración da visita	Duración aproximada 60 minutos
Horarios	Martes e xoves ás 10:00 e ás 11:00 h.
Requisitos	Máximo de 25 alumnos/as Confirmar coa entidade con 48 horas de antelación
Organizador	GADISA
Contacto	Yolanda Pantín Tel: 981 77 96 91 gadisalimentos@globalazaga.com https://www.gadis.es/saludable/alimentos-digital/

2. ALUMAN: FACHADAS E PROXECTOS CONTRACT. INDUSTRIA CON TALLERES DE CARPINTERÍA METÁLICA E MADEIRA

Descrición curta	Dar a coñecer o funcionamento da empresa
Descrición longa	Presentación da empresa no salón de actos (30 minutos) e percorrido guiado polas instalacións. Visita guiada polas instalacións do grupo con equipos individuais para a mellora da escoita da visita (60/90 minutos, depende do estado de produción no que se atope a fábrica). Na visita verase o armado de ventás (aluminio, PVC e madeira), fábrica de rótulos luminosos, maquinaria de corte alfanumérica, máquinas de corte por láser (chapa, tubo) inxectadoras de plástico, planta de lacado...
Destinatarios	3º- 4º ESO
Data de inicio	12 de xaneiro
Data de fin	18 de xuño
Duración da visita	Duración aproximada 100 minutos
Horarios	Mércores ás 10:00 h. Frecuencia quincenal.
Requisitos	Máximo de 28 alumnos/as Confirmar coa entidade con 72 horas de antelación
Organizador	ALUMÁN. Polígono de Sabón, parcela 6B
Contacto	Marta González 981 602 711 marketing@grupoaluman.com https://www.grupoaluman.com/es/

3. ARQUIVO DO REINO DE GALICIA

Descrición curta	Dar a coñecer as funcións do arquivo
Descrición longa	A visita comeza cunha explicación das funcións do arquivo, que é e para que serve. O alumnado poderá ver unha exposición de documentos e coñecer as fontes primarias de información, ferramentas fundamentais na reconstrución e interpretación dos acontecementos do pasado. Continúa o percorrido co acceso aos depósitos, onde verán como se conserva a nosa historia, e, por último, a parte máis apreciada polos visitantes: o laboratorio de restauración de documentos. Con solicitude previa, tamén se pode amosar documentación concreta sobre algún tema ou materia de interese por parte do grupo visitante, xa que os fondos do arquivo son inmensos e abarcan moitas temáticas.
Destinatarios	3º e 4º de ESO, FP ciclo medio e superior, Bacharelato e EA
Data de inicio	15 novembro
Data de fin	18 de xuño
Duración da visita	Duración aproximada 90 minutos
Horarios	Martes ás 10 h.
Requisitos	Máximo de 20 alumnos/as Confirmar coa entidade con 48 horas de antelación
Organizador	ARQUIVO DO REINO DE GALICIA Xardín de San Carlos
Contacto	Rosario Torreiro Tel: 881 960 360 arq.reino.galicia@xunta.es https://arquivosdegalicia.xunta.gal/es/arquivo-reino-galicia

4. BIBLIOTECA PÚBLICA MIGUEL GONZÁLEZ GARCÉS

Descrición curta	Percorrido pola biblioteca
Descrición longa	Visita aos distintos espazos da biblioteca
Destinatarios	EI, EP e EE (no caso de Educación Especial con reunión previa telefónica do profesorado e o persoal da biblioteca)
Data de inicio	15 de novembro
Data de fin	29 de maio
Duración da visita	Duración aproximada 60 minutos
Horarios	Primeiro trimestre: Luns ás 10:00h Resto do curso: Mércores ás 10:00 h.
Requisitos	Máximo de 30 alumnos/as Non se permite o acceso con comida nin bebidas Confirmar coa entidade con 48 horas de antelación
Organizador	BIBLIOTECA PUBLICA MIGUEL GONZÁLEZ GARCÉS R/ Miguel González Garcés, s/n (Elviña)
Contacto	Elena García Pazos Tel. 881 960 382 bpc@xunta.gal https://bibliotecas.xunta.gal/gl/coruna/actividades/visitas-escolares

5. BOMBEIROS

Descrición curta	Percorrido polo parque de Bombeiros.
Descrición longa	A visita iníciase cunha charla informativa sobre o labor deste colectivo e información sobre prevención de riscos e, posteriormente, visítanse as distintas zonas do parque: oficinas, sala de descanso, vestiario, aulario, ximnasio e os garaxes onde se accede aos distintos vehículos.
Destinatarios	1º EP a 4º EP
Data de inicio	15 de novembro
Data de fin	18 de xuño
Duración da visita	Duración aproximada de 90 minutos
Horarios	De luns a venres ás 10:00 h. Realízase a primeira e terceira semana de cada mes. Poden existir excepcións, pero será preciso confirmar co parque en función do seu calendario.
Requisitos	Máximo de 25 alumnos/as Confirmar coa entidade con 48 horas de antelación
Organizador	SERVIZO DE EXTINCION DE INCENDIOS E SALVAMENTO Parque de bombeiros. Polígono da Grela, s/n
Contacto	David Hermida Tel: 981 184 380 d.hermida@coruna.gal https://www.coruna.gal/bomberos/es

6. CASTRO DE ELVIÑA: PERCORRENDO O CASTRO

Descrición curta	Visita guiada ao Castro de Elviña
Descrición longa	Percorrido guiado polo xacemento do Castro de Elviña e a súa contorna. Ao longo da ruta descóbrese o patrimonio natural, etnográfico e arqueolóxico deste antigo poboado prehistórico da Idade do Ferro. Coñécese o urbanismo, as estruturas arquitectónicas (vivendas, murallas...) recuperadas e as escavacións arqueolóxicas levadas a cabo desde o ano 1947 ata hoxe, así como o día a día dos antigos habitantes do Castro.
Destinatarios	EP, ESO
Data de inicio	15 de novembro
Data de fin	18 de xuño
Duración da visita	Duración aproximada 75-100 minutos
Horarios	De luns a venres, ás 10:00 e ás 11:45 h.
Requisitos	Máximo 25 alumnos/as por grupo, podendo simultanear dous, acompañados do profesorado responsable. Contactar coa entidade con 48 horas de antelación
Organizador	MUSEO ARQUEOLÓXICO E HISTÓRICO (A visita comeza na entrada do Castro, ao que se chega desde o acceso ao lado da parada do bus que vai de camiño do Campus de Elviña ao Campus da Zapateira na Universidade da Coruña)
Contacto	Jaime Oiza e Montserrat Ferro 981 189 850 arqueovisitas@coruna.gal

7. CIDADE VELLA

Descrición curta	Itinerario guiado pola Cidade Vella
Descrición longa	Este percorrido pola zona vella da Coruña permítenos coñecer algo máis da nosa cidade e conéctanos coa historia e as diferentes etapas que se viviron na zona alta da cidade. Ese itinerario está guiado polo alumnado en prácticas do Grao de Turismo da UDC que recibe ao alumnado na estatua de María Pita que hai na Praza de María Pita.
Destinatarios	ESO, FP e Bacharelato
Data de inicio	15 de novembro
Data de fin	14 de maio
Duración da visita	60-90 minutos de duración
Horarios	De luns a venres ás 10:00 h.
Requisitos	Máximo de 25/30 alumnos/as, que se dividen en dous grupos Confirmar coa entidade con 48 horas de antelación
Organizador	Grao en Turismo (Facultade de Turismo)
Contacto	Eva Undabeitia Tel: 881 011 855 practicas.turismo@udc.gal

8. COCA-COLA

Descrición curta	Breve presentación da empresa e visita ás instalacións
Descrición longa	Breve presentación da empresa, presentación da súa estratexia de sustentabilidade e visita as instalacións.
Destinatarios	Ciclo medio e superior de FP
Data de inicio	1 de febreiro
Data de fin	18 de xuño
Duración da visita	Duración aproximada 60 minutos
Horarios	Luns a venres ás 10:00 h.
Requisitos	Máximo de alumnos/as 25 Confirmar coa entidade con 48 horas de antelación
Organizador	COCA-COLA IBERIAN PARTNERS Fábrica de Coca-Cola Avda. Alfonso Molina s/n
Contacto	Gema Domínguez 981 17 35 00 gdominguez@ccep.com http://www.cocacolaep.com/es

9. COÑECE O BUS URBANO DA TÚA CIDADE

Descrición curta	Percorrido pola Compañía de Tranvías
Descrición longa	Un autobús urbano recolle no colexio ao alumnado e aos docentes e lévaos cara á Compañía de Tranvías. Nas instalacións preséntase un vídeo explicativo sobre a evolución dos medios de transporte colectivo: tranvía de mulas, tranvía eléctrico, trolebús e autobús, finalizando cunha visita ao tranvía turístico. Na visita explícanse as vantaxes do transporte colectivo sobre o privado, tanto a nivel ecolóxico como social. A visita remata co lavado dun bus no tren de lavado.
Destinatarios	4º de EP
Data de inicio	15 de novembro
Data de fin	18 de xuño
Duración da visita	Duración aproximada 90 minutos
Horarios	Martes e Mércores ás 10:00 h.
Requisitos	Máximo de alumnos/as 30 Confirmar co servizo de Educación 48 horas antes
Organizador	Compañía de Tranvías da Coruña S.A. Avda. de Gran Canaria, s/n
Contacto	Paula Rodríguez Sanmartín 981 250 100 Ext. 120 prodriguez@tranviascoruna.com www.tranviascoruna.com

10. CRUZ VERMELLA XUVENTUDE

Descrición curta	Visita ás instalacións da entidade
Descrición longa	Visita ás instalacións situadas na rúa Curros Enríquez. Realízase unha presentación inicial de maneira dinámica cun xogo de preguntas para coñecer máis sobre Cruz Vermella. Tras isto, pasamos a visitar o Centro de coordinación e teleasistencia (explicación dos dispositivos) e unha ambulancia por dentro.
Destinatarios	5º e 6º de EP
Data de inicio	12 de xaneiro
Data de fin	18 de xuño
Duración da visita	Duración aproximada 90 minutos
Horarios	Martes (alternos) ás 10:00 h.
Requisitos	Número máximo de alumnos/as 25 Confirmar coa entidade con 48 horas de antelación
Organizador	CRUZ VERMELLA XUVENTUDE R/ Cruz Roja Española nº 1
Contacto	Tel. 981 22 10 00 Ext. 38412 www.cruzvermella.org

11. FABRICACIÓN DE ELÉCTRODOS DE GRAFITO: RESONAC

Descrición curta	Visita á fábrica
Descrición longa	Percorrido polas instalacións da fábrica
Destinatarios	3º e 4º ESO, FP e Bacharelato
Data de inicio	12 de xaneiro
Data de fin	18 de xuño
Duración da visita	Duración aproximada 90 minutos
Horarios	Mércores e xoves ás 10:00 h.
Requisitos	Número máximo de alumnos/as 30 Confirmar coa entidade con 48 horas de antelación
Organizador	RESONAC Polígono da Grela s/n
Contacto	Leyre Martinez 981 173 171 https://www.graphite.resonac.com/ rgs_hr@resonac.com

12. FUNDACIÓN LUIS SEOANE

Descrición curta	Visita guiada á fundación
Descrición longa	Visita guiada a fundación e realización de obradoiros variados
Destinatarios	EI, EP, ESO, Bacharelato e EE
Data de inicio	15 de novembro
Data de fin	18 de xuño
Duración da visita	Duración aproximada 60 minutos (sen contar cunha actividade específica)
Horarios	Martes a venres ás 10:00, 11:30 e 13:00 h. Pódese adaptar o horario
Requisitos	Número máximo de 30 persoas Contactar coa entidade con 48 horas de antelación
Organizador	Fundación Luis Seoane Antigo Cuartel de Macanaz. R/ San Francisco, 27
Contacto	Emma Fernández 981 21 60 15 emma.fernandez@fundacionluisseoane.gal fls@fundacionluisseoane.gal www.fundacionluisseoane.gal

13. INSTALACIÓNS DE “LA VOZ DE GALICIA”

Descrición curta	Percorrido polas instalacións de La Voz de Galicia
Descrición longa	Visita á sede central de La Voz de Galicia e o seu museo, en Arteixo (A Coruña). A visita inclúe un percorrido pola redacción do diario, a planta de impresión -rotativa, sala de expedición e peche- o almacén de papel e o museo. Ao longo do percorrido, os visitantes van acompañados por persoal da Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, que se encarga de explicar o funcionamento do xornal e de resolver as dúbidas que vaian xurdindo.
Destinatarios	EP, ESO, Bacharelato, FP e EE
Data de inicio	12 de xaneiro
Data de fin	18 de xuño
Duración da visita	Duración 60 minutos
Horarios	Luns a venres ás 10:00, 11:00, 12:00 e 13:00 h.
Requisitos	Máximo de 50 alumnos/as Confirmar coa entidade con 48 horas de antelación
Organizador	FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ LATORRE LA VOZ DE GALICIA Avda. da Prensa. Polígono de Sabón
Contacto	Tel. 881 960 393 / 881 960 380 https://fundacionsantiagoreyfernandezlatorre.es/visitas

14. MUSEO ARQUEOLÓXICO E HISTÓRICO CASTELO DE SAN ANTÓN

Descrición curta	Percorrido polo Museo Arqueolóxico e Histórico do Castelo de San Antón
Descrición longa	Descubrir o pasado: visitas ao Museo Arqueolóxico e Histórico Castelo de San Antón. Pódense facer diferentes tipos de visitas ás salas do museo, máis xerais ou máis específicas segundo as necesidades do alumnado e adaptándonos ao nivel educativo do grupo. Ofértase un percorrido xeral que abarca as seccións da historia da cidade da Coruña e do propio Castelo de San Antón, ou pola sección de arqueoloxía, subdividida en diferentes apartados: Prehistoria, os castros e a romanización. Visitas acompañadas e/ou guiadas por monitores (estudantes en prácticas do grado de Turismo da UDC)
Destinatarios	EP, ESO, Bacharelato, FP e EA
Data de inicio	15 de xaneiro
Data de fin	8 de maio
Duración da visita	Duración aproximada da visita 60-90 minutos
Horarios	De martes a venres ás 10:00 e 11:30 h.
Requisitos	Número máximo de alumnos/as por grupo 25 (pódense facer dous grupos simultaneamente) Confirmar coa entidade con 48 horas de antelación
Organizador	MUSEO ARQUEOLÓXICO E HISTÓRICO Castelo de San Antón Paseo Alcalde Francisco Vázquez 2-A
Contacto	Jaime Oiza e Montse Ferro 981 189 850 arqueovisitas@coruna.gal

15. MUSEO DE ARTE SACRA E COLEXIATA DE SANTA MARÍA DO CAMPO

Descrición curta	Percorrido polo museo
Descrición longa	Contido de arte sacra: Orfebrería relixiosa (S.XVIII-XIX). As pezas máis relevantes do museo son: *Unha arqueta eucarística do barroco alemán do S. XVII. * Unha custodia do barroco alemán do S. XVII. Visita guiada á Colexiata de Sta. María do Campo. Explicación no adro das orixes do templo, arquitectura, escultura, ampliación do século XIX. Acceso ao interior e explicación dos elementos constructivos, naves, piares, sepulturas...
Destinatarios	5º e 6º EP
Data de inicio	12 de xaneiro
Data de fin	18 de xuño
Duración da visita	Duración aproximada 90 minutos en total (45 min na Colexiata e 45 min no museo)
Horarios	De martes a venres ás 10:00, 11:00, 12:00 e 13:00 h.
Requisitos	Número máximo de alumnos/as 25 (divididos en dous grupos) Confirmar coa entidade con 48 horas de antelación
Organizador	MUSEO DE ARTE SACRA DA COLEXIATA DE SANTA MARÍA DO CAMPO R/ Porta de Aires, 23
Contacto	Jorge Obanza 981 20 31 86 musacrocolegiata@gmail.com

16. MUSEO DE BELAS ARTES

Descrición curta	Visita dinamizada á exposición permanente do museo.
Descrición longa	Material divulgativo e didáctico para EI, EP e ESO. Ver web: http://museobelasartescoruna.xunta.gal/gl/educacion No caso de querer facer algunha das actividades propostas na web terán que poñerse en contacto directo co museo. De non facerse este trámite, será o departamento de educación do Museo o que asigne unha actividade ao grupo. <i>Nota: tamén existe a posibilidade de realizar unha actividade sobre algún tema que se estea traballando na aula, sempre que se solicite con anterioridade.</i>
Destinatarios	EI, EP, ESO, Bacharelato e EE
Data de inicio	15 de novembro
Data de fin	18 de xuño
Duración da visita	Duración aproximada 75 minutos (Prégase puntualidade)
Horarios	• Novembro: martes e mércores ás 11:30 h. • Xaneiro, febreiro e maio: mércores, xoves e venres ás 10:00 h. • Marzo e abril: mércores, xoves e venres ás 11:30 h. • Xuño: venres ás 10:00 h. Confirmar a asistencia coa entidade con 48 horas de antelación e avisar sobre as posibles necesidades do grupo.
Requisitos	Número máximo de alumnos/as 50 (divididos en dous grupos, contando co profesorado acompañante) O/a docente acompañante será responsable en todo momento do cumprimento das normas e dinámicas e terá que acompañar ao grupo en todo momento. Ao entrar no museo, o/a responsable do grupo dirixirase ao mostrador para que se lle tome rexistro, mentres se realiza este trámite, o grupo deberá permanecer no espazo indicado polo persoal de atención ao público. Prégase que, na medida do posible, non se entre ao museo con mochilas, bolsas ou abrigos. As visitas serán dinamizadas fomentando a participación e o carácter lúdico das mesmas.
Organizador	MUSEO DE BELAS ARTES R/ Zalaeta, s/n
Contacto	Manuel Mosquera 881 881 700 mu.belas.artes.difusion@xunta.gal http://museobelasartescoruna.xunta.gal

17. TORRE DE HÉRCULES

Descrición curta	Visita guiada á Torre de Hércules
Descrición longa	Visita guiada polo alumnado en prácticas da Facultade de Turismo da UDC.
Destinatarios	EP, ESO, FP e Bacharelato
Data de inicio	1 de marzo
Data de fin	31 de maio
Duración da visita	Duración aproximada 90 minutos
Horarios	De luns a venres en horario de 10:30, 12:00 e 16:00 h.
Requisitos	Número máximo de alumnos/as 20. Confirmar coa Torre e cos responsables da Facultade de Turismo da UDC con 48 horas de antelación
Organizador	CONSORCIO DE TURISMO DA CORUÑA E FACULTADE DE TURISMO – UDC A visita comeza no CIAV
Contacto	Ana Santorum – Torre de Hércules Tel. 981 22 37 30 torredehercules.reservas@coruna.es Torre de Hércules Eva Undabeitia Facultade de Turismo – UDC Tel. 609 25 07 31

18. MUSEO DAS TELECOMUNICACIÓNS

Descrición curta	Visita guiada polo museo
Descrición longa	No Museo didáctico das Telecomunicacións desenvólvese unha liña museística que se caracteriza por mostrar a evolución da tecnoloxía das telecomunicacións, desde a invención do teléfono ata o momento actual. Para reforzar este carácter didáctico foi necesario complementar os equipos telefónicos con outros deseñados por persoal do museo. Actualmente, o museo permite ao visitante, non só ver, senón tamén comprender, a filosofía e o desenvolvemento das telecomunicacións desde o inicio ata os nosos días.
Destinatarios	Bacharelato e Ciclo Superior de FP
Data de inicio	15 de novembro
Data de fin	18 de xuño
Duración da visita	A duración é de 2 h. aproximadamente pero pode reducirse a 80 minutos para grupos escolares.
Horarios	De luns a venres, entre as 9:30 e as 13:00 h. e de 16:00 a 17:30 h.
Requisitos	As visitas ao museo son de acceso público, gratuítas e guiadas, previa concertación de día e hora. Por problemas de loxística fanse grupos mínimo de 5 e máximo 15 persoas por quenda As horas de inicio son orientativas e poderán acordarse co centro.
Organizador	Museo das Telecomunicacións
Contacto	Félix Rodríguez Fernandez museo.muditel@gmail.com

19. MUSEO HISTÓRICO MILITAR DA CORUÑA

Descrición curta	Visita ás exposicións do Museo Militar
Descrición longa	O museo realiza outras actividades como son: concurso de postais de Nadal (novembro), concurso de cómics (febreiro/marzo), Día Internacional dos Museos (maio). Disponse de material didáctico e de folleto divulgativo. Xogos con reserva, mínimo de 15 días (período escolar)
Destinatarios	5º e 6º EP
Data de inicio	12 de xaneiro
Data de fin	18 de xuño
Duración da visita	Duración aproximada 75 minutos
Horarios	De luns a venres ás 10:00 h
Requisitos	Número máximo de alumnos/as 30 Confirmar coa entidade con 48 horas de antelación
Organizador	MUSEO MILITAR DA CORUÑA Praza de San Carlos I, s/n
Contacto	Antonia Sanchez Roca (Taty) 981 206 791 – 981 205 300 asanro4@et.mde.es ; mmilcor@et.mde.es http://www.ejercito.mde.es/unidades/Madrid/ihycm/index .

20. POLICÍA NACIONAL

Descrición curta	Visita ás instalacións e á exposición do museo da Policía.
Descrición longa	• Exhibición de guías caninos (segundo dispoñibilidade) • Exposición de vehículos policiais (coche) • Visita ao museo policial • Visita guiada á sala do 091 Proxección de vídeo didáctico sobre CNP en Galicia
Destinatarios	4º a 6º EP e EE
Data de inicio	12 de xaneiro
Data de fin	18 de xuño
Duración da visita	Duración aproximada 120 minutos
Horarios	Martes, mércores e xoves ás 10:30 h.
Requisitos	Número máximo de alumnos/as 25 Confirmar coa entidade con 48 horas de antelación
Organizador	COMISARÍA POLICÍA NACIONAL A CORUÑA LONZAS Médico Devesa Núñez, 4
Contacto	Inspector Alberto Arias Tel. 981 166 430 acoruna.participacion@policia.es

21. PORTO DA CORUÑA

Descrición curta	Achegamento didáctico ao porto e á actividade portuaria
Descrición longa	O percorrido realízase sen baixar do autobús, por seguridade, excepto na Lonxa, onde pode visitarse a exposición de produtos que se descargan no porto. Na visita explícase a importancia do porto na economía da cidade, descrición dos peiraos, operativas portuarias, as naves e instalacións e os medios de manipulación para a carga e descarga das mercancías. A visita do alumnado de Educación Infantil so é á Lonxa, o resto de niveis visitan a Lonxa e o Porto (esta zona visítase en bus). Material didáctico para os diferentes niveis educativos: https://www.puertocoruna.com/gl/visita-escolar
Destinatarios	EI (só Lonxa), EP, ESO, Bacharelato e EE
Data de inicio	12 de xaneiro
Data de fin	18 de xuño
Duración da visita	Duración aproximada 90 minutos, excepto a visita do alumnado de EI á Lonxa, que dura 45 minutos
Horarios	De martes a venres ás 10:30 h.
Requisitos	Número máximo de alumnos/as 50 Confirmar coa entidade con 48 horas de antelación
Organizador	AUTORIDADE PORTUARIA O punto de encontro e recollida do monitor que acompañará na visita é no edificio de Servizos Múltiples da Autoridade Portuaria, pasado o control de acceso ao porto, no peirao de San Diego.
Contacto	Tel. 981 903 834 puertasafuera@puertasafuera.es visitasescolares@puertocoruna.com (para porto exterior)

22. UN DÍA EN CAPITANÍA

Descrición curta	Visita polo cuartel de Capitanía
Descrición longa	Na visita explicarase o rico patrimonio histórico, artístico e arquitectónico que alberga o Palacio de Capitanía Xeral. A visita será guiada e adaptarase á idade dos escolares. As visitas son de carácter gratuíto. Dispoñemos de material divulgativo para Primaria e Secundaria, que consta de tríptico informativo e power point.
Destinatarios	EP, ESO, EE, Bacharelato e FP
Data de inicio	15 de novembro
Data de fin	18 de xuño
Duración da visita	Duración aproximada 60 minutos Confirmar coa entidade con 48 horas de antelación
Horarios	11:00 e 12:00 h. de luns a venres (preferente as 11:00 h.)
Requisitos	Número máximo de alumnos/as 30 Lugar de comezo da visita: Praza da Constitución
Organizador	PALACIO DE CAPITANÍA GENERAL Praza da Constitución
Contacto	Enrique Angel Costas Rodal Tel 981 215 503 ecostasr@et.mde.es